

A orixe do cemiterio de Picacho

Juan Miguel González Fernández

A política hixienista á que deu pulo o monarca ilustrado Carlos III concretouse, entre outras medidas, na creación de cemiterios públicos nas aforas das *poblaciones*.

Para levalo adiante dita unha Real Orde do 17/10/1805. En canto se recibe en Vigo o edicto de El-Rei, o Procurador Síndico, un home *del siglo*, diríxese á corporación para expor que:

Está mandado que se haga cementerio para evitar pestilencias [...] en vez de hacerlo en la iglesia. Con el crecido número de muertos que hay por el Hospital Militar, casi no queda sitio desocupado en la Colegiata para enterrar cadáveres, con hediondez...

Solicita pois, que se levante un cemiterio axeitado. Tardará un pouco, pero o camposanto erguerase en 1809; por certo, tempo de tránsito de moitas tropas (Guerra de Independencia), de fame e de andazos epidémicos (1811).

Esa política ordenancista da época, plásmase na orde do Real Consello de mediados de 1806, pola cal:

pidió que cada pueblo señalase paraje donde alberguen cementerio ventilado, para que el arquitecto forme plan de obra, que es muy urgente y necesario.

Que vexan o terreo os párrocos e profesores en medicina, indíquese distancia á vila, dando plano, persoas de morren cada quinquenio, etc.

O mandado rexio estipulaba que persoa algunha, laica ou eclesiástica, non se enterre noutro sitio cos cemiterios de cada urbe, e os que os tiveran provisionais levarían aí os corpos (1807).

Houbo unha liorta sería en setembro de 1809 porque o crego de Santiago de Vigo, pretende formar no adro da igrexa un camposanto, o cal a denunciante consideraba un despropósito, xa que había un establecido preto da vila de Vigo. Conclúise que *la razón de párroco no es otra que su oposición al nuevo cementerio, celoso tal vez de algunos derechos y limosnas voluntarias que por él pueden distraerse*. Ao mes seguinte sae o bispo defendendo a iniciativa (percibir dereitos de estola... e

evitar outros incidentes), argallando que aumentar o adro custaría poucos cartos sacados dos propios e arbitrios -ingresos do Concello- nin hai fontes ou canos que prexudiquen aos veciños. Tan apaixonado desencontro manifesta a postura da Igrexa por perder ingresos eclesiásticos, fronte á necrópole municipal.



Cemiterio de Picacho no plano urbanístico do enxeñeiro Ramiro Pascual de 1907 (Arquivo Municipal de Vigo.)

Volvendo ao cerne da cuestión, o cemiterio tiña unas medidas de 80 varas de longo por 60 de ancho, de 4 cuartas cada unha; era pois unha superficie rectangular, tendendo a cadrada. Executouse nun predio dos herdeiros de Juan Rendo. O Concello deu a orde de que características debía ter, seguindo as indicacións dun facultativo de obras. Nomeouse unha comisión, que mandou engadir un novo eido ao poñente, propio dos expoñentes. Pero, resulta que fabricaron nel uns almacéns para *utilidad pública*



Clausurado cemiterio de Picacho a principios do século XX. Foto: Otto Wunderlich (*Fototeca del Patrimonio Histórico*. Arquivo: WUNDERLICH, Ref. WUN-06174)

Os donos dos terreos reclamaban no 1811 que o municipio áinda non pagara os terreos (agora todos da familia Padín). Ao ano seguinte era o mestre canteiro Fernando Gamallo quen demandaba o pago pola construcción dun valado de pedra labrado alí, para pechar con una cerca o cemiterio. Corrían malos tempos para o erario concellil (en pleno esforzo de guerra, crise do comercio, etc.) ,de aí que acumulara estas débedas pola obra no novo cemiterio.

Correndo o ano 1815 o Concello nunhas” disposicións en beneficio do camposanto” manda *se coloque una puerta nueva de castaño enrejado, y se saque va pregón el oficio de enterrador.*

En agosto de 1816 propúxose ao Axuntamento a necesidade de rectificar no posible a parcela dedicada a camposanto, posto que dada a grande extensión do mesmo sobraba unha notable porción de el, polo que debería destinarse a outros usos nos que se poda utilizar: en cuestión dominical (pago aos propietarios pola cesión) e máis gastos indispensables, así como *entonar* a posible decencia do cemiterio. O ente político-administrativo local dispón que se estableza unha comisión que o inspeccione, e se é preciso despida ao enterrador. Parece que ese oficio mantívose.

Co paso do tempo creceu unha aldea na contorna do cemiterio, así no padrón para camiños de 1829 aparece o lugar de “Cementerio” con 7 veciños (familias fiscais) cualificados de labregos e xornaleiros. Create así, entrado o século XIX, unha nova aldeíña no rural de Vigo.

O grande crecemento da cidade e a saturación de Picacho fan que se peche este camposanto. En 1898 inaugúrase o de Pereiró (Castrelos), deseñado por Jenaro de la Fuente Domínguez, cunha superficie de 62.500 m². Os parroquiais mantivéronse, pero xa fóra das igrexas.